

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 24/08/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

CARLOS COIRA LOJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO ACCIDENTAL

MANUEL FRANCO LEIS

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/08/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18 de agosto de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/3043

Dáse conta de escrito de D. Francisco Bouzas Diz, solicitando a posibilidade de pintado dunha liña amarela de prohibición de estacionamento fronte ao acceso da súa vivenda, en Rúa 5 A Rosaleda, nº 14.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica:

O solicitante alega redución da visibilidade e dificultades de manobra para entrar e saír da súa leira.

Con relación á falta de visibilidade, en nada a melloraría coa prohibición de estacionamento dos vehículos que estacionan nun retranqueo da rúa, fóra por tanto da traxectoria dos vehículos que circulan pola rúa.

Con relación á dificultade de manobra; o espazo onde estacionan os vehículos que pretende que se retiren, non se atopa fronte ao portal, este portal esta fronte ao muro doutra propiedade, certo é que se non hai coche no lugar, podería usar ese espazo para a manobra e por certo entón faría a manobra (en especial o acceso), de tal modo que non tería visibilidade ao verse obstaculizada polo muro da propiedade fronte á súa.

O reclamante renovou non hai moitos anos o portal de acceso á leira podendo nese momento darlle un pouco mais de ancho para mellorar a maniobrabilidade sen facelo a costa do espazo público. Non todos os veciños da rúa dispoñen de espazo para deixar os seus vehículos dentro das súas leiras e ese é dos poucos puntos que permiten o estacionamento na vía pública con certeza.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado polo Sr. Bouzas Diz.

PRP2026/3045

Dáse conta do escrito presentado por Dona Yineiri Coromoto Franco Cabrera, solicitando autorización para a actuación acutstica/musical na Terraza do Bar Carril, situado en Praza da Liberdade 8, Carril, en horario de 21:00 a 02:00 horas, durante varios días do mes de agosto. para actuación musical na terraza do bar Carril os días os días 7, 14, 21 e 28 de agosto de 2026, en horario de 21:00 a a 02:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a actuación acustica/musical, o día 28 de agosto, en horario de 21:00 a 00:00 horas.

En todo caso deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3079

Dáse conta de proposta da Policía Local, en relación coa necesidade de subministro de Boquillas frontales con Válvula A/R e boquillas laterales A/R para os Etilómetros ALCOTEST (Bolsa de 25 uds./1000 boquillas) e SAFIR EVOLUTION (Bolsa de 25 uds./1000 boquillas), destinadas á realización de probas de alcolémia no exercicio das funcións propias en materia de tráfico, seguridade e prevención.

A utilización das boquillas para os distintos etilómetros permiten axilizar a detección de posibles conductores baixo influencia de bebidas alcohólicas, optimizar os controis preventivos de tráfico, facilitar a intervención inmediata de accidentes de circulación e reducir os tempos operativos en vía pública. Dada a frecuencia de actuación relacionadas co consumo de alcohol, considérase necesario dispoñer de material suficiente para garantir a cobertura do servizo.

O Concello non dispón dos medios técnicos propios e necesarios para garantir o suministro de ditas boquillas dun único uso para ditos etilómetros, polo que resulta necesario acudir á contratación externa dunha empresa especializada que subministre dito material.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministros consistente na adquisición de boquillas frontales con Válvula A/R e boquillas laterales A/R para os Etilómetros ALCOTEST (Bolsa de 25 uds./1000 boquillas) e SAFIR EVOLUTION (Bolsa de 25 uds./1000 boquillas), por importe de 914,76 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 132-22199 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministros a SEPY MEDICAL, S.L. (B36484822) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3082

Dáse conta do escrito presentado por Sumaalfre SL, solicitando autorización para montaxe de carpa para evento, do 16 ao 19 de outubro de 2026 e peche da Rúa Albarran.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3083

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lorena Suarez Sanchez solicitando autorización para actividade lúdica na Praia da Concha, o día 10 de setembro, en horario de 15:30 - 17:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3084

Dáse conta do escrito presentado por Dona Mariangel Lucena Rodríguez, solicitando autorización para actuación musical o día 30 de agosto de 2026, de 12 a 14 horas, no establecemento denominado FURNA, na Avda. da Mariña nº 56.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3085

Dáse conta do escrito presentado por Grupo Lamarta SL, solicitando autorización para celebración de actuación musical o día 27 de agosto, as 21:30 horas, na Praza situada fronte a o establecemento, en Rúa Arcebispo Xelmirez nº 7-Loc. 3, así como a cesión unha tarima.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3086

Dáse conta do escrito presentado por El Trastero de David y Suso SLU solicitando autorización para realización dun concerto o día 26 de agosto, na Rúa Méndez Núñez, esquina Rúa Valentín Viqueira, en horario de 12:30 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3087

Dáse conta do escrito presentado por Producciones Audiovisuales Stemedial SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública o día 16 de agosto para un turismo para a TVG, con motivo da Festa da Auga.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3058

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA LOPEZ, S.L, - NIF B15368715, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruidos) de menos de 10 kg. de contenido explosivo neto (NEC), segundo o vixente Reglamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (R.D. 989/2015 de 30 de outubro, BOE 267/2015), para os días 7,8 e 9 de agosto de 2026, con motivo da celebración das festas do Carmen, na Parroquia de Rubiáns.

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026 adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/3057

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA LOPEZ, S.L, - NIF B15368715, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruidos) de menos de 10 kg. de contenido explosivo neto (NEC), segundo o vixente Reglamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (R.D. 989/2015 de 30 de outubro, BOE 267/2015), para os días 9 e 10 de agosto de 2026, con motivo da celebración das festas do Santísimo e San Roque, na Parroquia de Sobradelo

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026 adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/3098

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Obras, na que se indica que resulta necesario executar os traballos de ampliación da rede municipal de saneamento no lugar de Valiña, na parroquia de Solobeira, mediante o subministro e colocación dunha tubaxe de impulsión. Esta actuación permitirá dotar de acceso á rede municipal de saneamento a oito vivendas que ata o de agora carecían deste servizo. Esta actuación responde á necesidade de garantir a adecuada prestación dun servizo público básico e esencial, en cumprimento das competencias e obrigas atribuídas aos municipios polos artigos 25.2.c) e 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en materia de abastecemento de auga, rede de sumidoiros e evacuación e tratamento de augas residuais.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras consistente na ampliación da rede municipal de alcantarillado de impulsión en Valiña (Solobeira), para dar acceso ao servizo de saneamento a oito vivendas, por un importe de 6.594,50 € IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 160.61900, proxecto 2025/2/PREST/9.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B36130649) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3099

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Obras, na que se indica:

O persoal do Servizo de Vías Públicas dispón de uniformidade de traballo para o desenvolvemento das súas funcións, sendo necesario proceder anualmente á súa reposición debido ao desgaste e deterioro derivado do uso habitual.

Por este motivo, considérase necesario proceder á reposición da uniformidade anual do persoal do Servizo de Vías Públicas, incluíndo tanto o vestiario como o calzado de traballo. A uniformidade será serigrafiada co logotipo do Concello de Vilagarcía de Arousa, de acordo coas necesidades existentes.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministro consistente na reposición da uniformidade anual para o persoal de Vías Públicas, por un importe de 2.503,08 € IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 1530.22104.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a SEGURLAIN 2020, S.L. con CIF B36456952 de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/3120

Dáse conta da acta de reversión pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, de 43.72m2da concesión C0037 titularidade do Concello de Vilagarcía de Arusa, no Parque Miguel Hernández.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3122

Dáse conta de informe-proposta do Departamento de Informática, en relación coa necesidade de a compra dos seguinte compoñentes para o sistema de vídeo vixilancia da biblioteca municipal:

1.- GRAVADOR DE VÍDEO DE REDE UNVR:

Gravador con 4 baías HDD que pode soportar ata 30 días de almacenamento para 18 cámaras 4K ou 60 cámaras FULL HD.

Procesador Núcleos Quad ARM Cortex-A57 a 1,7 GHz.

Memoria 4 GB

2.- SWITCH:

D-Link 24P Smart POE DES-1210-28P

3.- DISCO DURO:

Disco Duro Interno 3.5" 8TB SATA III

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., dos citados compoñentes para o sistema de Vídeo Vixilancia da biblioteca municipal, por un prezo de 1.446,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL**EMPREGO****PRP2026/3065**

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio vixente recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA (NIF G36256048) por importe de 20.000,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican

G36256048_ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA ABERTA	Subv. Gastos campaña fomento comercio	4311-48002	15.000,00 €
	Subv. Actividades promoción turismo	432-48002	5.000,00 €
TOTAL			20.000,00 €

A subvención nominativa ten como finalidade o mantemento e promoción do comercio retalista, hostalería e turismo no ámbito territorial do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Dita subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

Atendendo ao disposto na lei 9/2007 de subvencións de Galicia e ao seu regulamento (Decreto 11/2009), á Lei Xeral de subvencións e ao seu regulamento RD 887/2006) e tendo en conta a previsión no orzamento vixente da existencia de crédito para a subvención nominativa para a dinamización do sector comercial, turístico e hostaleiro, a favor da entidade CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A aprobación do convenio que regula a subvención, nos termos establecidos no borrador que consta no expediente.

2.- A autorización e compromiso do gasto para a concesión da subvención á entidade CENTRO COMERCIAL ABERTA ZONA ABERTA (NIF G36256048) polo importe de 20.000 € e con cargo ás aplicacións orzamentarias 4311-48002 e 432-48002, segundo o cadro de desagregación anteriormente especificado, conforme ao orzamento aprobado e á normativa vixente.

PRP2026/3116

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2026, presentada por RIAS EDIFICA SOCIEDAD LIMITADA CIF: B22725683 con domicilio na rúa Entrante nº4 Pta.B, 36600 Vilagarcía de Arousa, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa menos de 10 traballadores	2
T O T A L PUNTOS	3
SUBVENCIÓN ACADADA	2.500,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención solicitada por RIAS EDIFICA SOCIEDAD LIMITADA CIF: B22725683, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2026/3117

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2026, presentada por DISTRILEMA QUIMICOS SL CIF: B70316328 con domicilio en LUGAR CHANCELAS nº42 ABANQUEIRO 15938 BOIRO (CORUÑA, A), infórmase que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa de mais de 3 anos e 10 traballadores	1
Traballadora maior de 45 anos	2
T O T A L PUNTOS	4
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención solicitada por DISTRILEMA QUIMICOS SL CIF: B70316328, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/3112

Dáse conta da proposta do Director acctal. da Bibioteca Municipal para a contratación de actividades de fomento da lectura na Sala Infantil da Biblioteca Municipal, durante os meses de setembro e outubro do presente ano.

As actividades que se propoñen teñen as seguintes características:

- 18 de setembro (venres): narración teatralizada - contacontos co título "A Cabra Montesina", a cargo da narradora Erea Mora. Ás 18:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, con entrada de balde ata

completar aforo. Dirixido a nenos e nenas entre 3 e 6 anos. 40' de duración aprox.

- 23 de outubro (venres): obradoiro creativo de escape room co título "Os misterios da Biblioteca", co gallo do Día das Bibliotecas, a cargo de Ludus Formación e Lecer. Ás 18:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, con inscrición previa na biblioteca. Dirixido a 24 participantes, nenos e nenas entre 8-16 anos. 60' de duración aprox.

- 24 de setembro (sábado): narración oral - contacontos co título "Procúrase Pepa a Loba", a cargo da narradora Cristina Collazo. Ás 12:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, con entrada de balde ata completar aforo. Dirixido a nenos e nenas entre 5 e 12 anos. 50' de duración aprox.

ORZAMENTOS ESTIMADOS DO CONTRATOS:

1.- "A Cabra Montesina": 18 de setembro

Valor estimado do contrato: 363,64 € (IVE excluído)

Importe do IVE (10%): 36,36 €

Importe total do contrato (IVE incluído): 400,00 €

2.- "Os misterios da Biblioteca": 23 de outubro

Valor estimado do contrato: 206,61€ (IVE excluído)

Importe do IVE (21%): 43,39 €

Importe total do contrato (IVE incluído): 250,00 €

3.- "Procúrase Pepa a Loba": 24 de outubro

Valor estimado do contrato: 450,00€ (IVE excluído)

Importe do IVE (10%): 5, €

Importe total do contrato (IVE incluído): 495,00 €

Coa finalidade de dar cumprimento ás exixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Públicos (LCSP), compre sinalar que na realización destes contratos menores de servizos non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente aos contratos menores de servizos para actividades na Biblioteca Municipal, por importe de 400 € (IVE engadido), 250 € (IVE engadido), e 495 € (IVE engadido), respectivamente, con cargo á partida orzamentaria 3321-22609 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar os contratos menores de servizos a SUSANA CERVIÑO CALVAR (76927485Y), LUDUS TEMPORI S. COOP. GALEGA (F27449735), e CRISTINA COLLAZO GÓMEZ (53185163D) de conformidade cos orzamentos incorporados ó expediente.

MERCADOS

PRP2026/3119

Dáse conta do escrito presentado por Don LUIS RIVAS RODRÍGUEZ 35479573A, solicitando a baixa do posto nº 3A, zona H exterior da Praza de Abastos, por renuncia do concesionario con data 31 de xullo de 2026.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión do posto nº3A, zona H exterior da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos, con data 31 de xullo de 2026.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL - CONSUMO

PRP2026/3068

Visto o oficio remitido polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, coa data 28/05/2026, RXE nº 2026007215, no que remiten certificación de Sentenza estimatoria e firme nº 232/2025, de data 16/10/2025, con relación ó Procedemento Abreviado nº 0000057/2025-MS, promovido por Dña. VANESA LAGO SOMOZA, co DNI 35.475.285Q. e ZURICH INSURANCE

EUROPE AG (SUCURSAL ESPAÑA), co NIF W0072130H, contra o Concello de Vilagarcía de Arousa pola desestimación na Xunta de Goberno Local de data 27/01/2025, da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos mesmos, coa data de rexistro de entrada 23/05/2024, RXE WEB2024003400, polos danos sufridos o día 17/10/2023, no vehículo matrícula 5308LTB, segundo a súa manifestación, causados tras impactar con él, un contenedor de residuos situado na Avda de Cambados, que se desprazou bruscamente por causa do vento.

Tendo en conta que dita Sentenza é firme, e que na súa Parte Dispositiva condena ao Concello ao abono a favor de Dna. VANESA LAGO SOMOZA, co DNI 35.475.285Q., da cantidade de 300€ e a favor de ZURICH INSURANCE EUROPE AG, co NIF W0072130H, a cantidade de 249,05€, cantidade que se incrementará coas actualizacións e intereses legais correspondentes dende a reclamación administrativa, e ao pago das costas do litigio, co límite máximo por honorarios do letrado sinalado no último fundamento.

Indícase ademáis, que existe unha franquicia de 600,00 € na póliza de R.C., suscrita coa compañía aseguradora Mutua General de Seguros, que non é de aplicación neste caso, xa que o importe total a indemnizar ascende a un total de 549,05 €, IVA incluído, segundo a factura aportada nº TP3523/422, da empresa VEHICULOS PÉREZ RUMBAO, S.A., e que non supera dito importe, xa abonada polos reclamantes.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda estimar a reclamación en cumprimento da Sentenza nº 232/2025, de data 16/10/2025, declarándose a responsabilidade municipal polos danos sufridos o día 17/10/2023, no vehículo matrícula 5308LTB, e se recoñeza a obriga e aprobación do pago da franquicia e Fra. nº TP3523/422, da empresa VEHICULOS PÉREZ RUMBAO, S.A., con cargo á partida 929-22699, a favor de:

- Dna. VANESA LAGO SOMOZA, co DNI 35.475.285Q., da cantidade de 300€, na conta bancaria aportada co IBAN nº ES67 2080 5174 9030 4000 8501, entidade ABANCA.
- ZURICH INSURANCE EUROPE AG, co NIF W0072130H, da cantidade de 249,05€, na conta bancaria aportada co IBAN nº ES74 0182 0999 8700 1150 4710, entidade BBVA.

CULTURA

PRP2026/3089

Vista a solicitude de Dna. Ana Isabel Abalo Cespón, en representación da Asociación Veciñal e Cultural O Souto de Rubiáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración coa contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de Santa Plácida en Rubiáns os vindeiros días 5, 6 e 7 de setembro de 2026, na que se van levar a cabo actos de carácter cultural, lúdico e relixioso.

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
GRUPO DE GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO STA. PLÁCIDA	G36114502	06-09-2026	391,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/3090

Vista a solicitude de D^a María González Abuín, en representación da ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS SAN ROQUIÑO DA FONTE, (G55419188), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración coa contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de San Roque en Castrogudín os vindeiros días 29, 30 e 31 de agosto de 2026, na que se van levar a cabo actos de carácter

cultural, lúdico e relixioso.

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOCIACIÓN CULTURAL FOLKLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN	G94007911	30-08-2026	350,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comúncaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/3100

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura para a ampliación do gasto das festas de San Roque 2026 e adxudicación dos contratos menores de servizos e subministros.

A realización e xestión dun programa complexo como é o das Festas de San Roque 2026 está suxeito a incorporacións novas en función de novas necesidades detectadas en la fase de produción de todas e cada unha das actividades previstas.

Así faise necesario ampliar o gasto e adxudicar os seguintes contratos menores:

1.- AMPLIACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL. A actual póliza, aprobada na XGL do 10 de agosto, cubre ata 1.800.000,00 €. Co fin de harmonizar a póliza ás esixencias da normativa autonómica en materia de espectáculos é necesario ampliar a póliza a un mínimo de 2.100.000,00 €.

2.- VIXIANCIA PROCESIÓN SAN ROQUE-FESTA DA AUGA. Con motivo da actuación da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa na saída e subida do San Roque o domingo 16 de agosto, e analizados os riscos potenciais en virtude da experiencia dos últimos anos, faise necesario a contratación dun “cordón de seguridade” para que a Banda poida realizar a súa misión coas garantías debidas de seguridade. Ademais para os servizos de atención médica que se realizarán durante a Festa da Auga faise necesario contar con vixiantes de Seguridade na Praza da Pescadería que eviten conflitos potenciais.

3.- ALUGUER DE MÓDULOS WC. Para facilitar o acceso a baños públicos é necesario instalar na Praza de Independencia 2 módulos WC, un para mulleres e outro para homes, durante o período de festas.

4.- LONAS E FALDÓNS PARA OS ESCENARIOS. Para a mellor identificación e proxección das nosas festas é necesario mercar uns faldróns tipo “FRONT LIT” coa serigrafía oportuna alusiva ás festas de San Roque 2026 e coa correspondente identidade corporativa do concello, para colocarse nos distintos palcos e escenarios onde se realizan as distintas actividades do programa previsto.

As actividades programadas levaranse a cabo durante o mes de agosto, centrándose principalmente entre os días 14 e 23 de agosto, días principais das Festas de San Roque 2026.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización destes contratos menores non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Á vista do exposto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e adxudicación dos servizos anteriormente expostos ás seguintes empresas e de acordo co cadro que figura abaixo:

PRESTACIÓN	PROVEDOR	NIF	IMPORTE BRUTO	IVE	TOTAL	PARTIDA
1. AMPLIACIÓN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	MGS SEGUROS E REASEGUROS	A-08171373	669,99 €	0,00	669,99 €	334-224
2. VIXIANCIA PROCESIÓN SAN ROQUE E FESTA DA AUGA	ON SEGURIDAD	B-64345150	1.543,00 €	324,03	1.867,03 €	334-22799
3. ALUGUER WC	METAL SPORT GALICIA	B-94152154	1.200,00 €	252,00 €	1.452,00 €	334-203
4. LONAS IDENTIDADE CORPORATIVA	OFICODE	B-32184350	1.764,00 €	370,44 €	2.134,44 €	334-22602
TOTAL		TOTAL	5.176,99 €	946,47 €	6.123,46 €	

PRP2026/3130

Dáse conta do convenio coa Banda de Música de Vilagarcía de Arousa (NIF: G36018547), asinado o 11 de agosto polas partes, que financia a programación da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa e na que se estipulan as obrigas contraídas polas partes para o 2026.

Na cláusula sexta, de aprobación do gasto e pagamento, estipúlase un primeiro pago do 75% da cantidade total correspondente despois de dar conta á Xunta de Goberno Local da sinatura do convenio.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio asinado e recoñecer a obriga derivada da aprobación do anticipo da subvención concedida á asociación Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa (NIF: G36018547), polos importes e partidas expresadas na cláusula sexta do convenio, reflectidos na seguinte táboa:

CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº APUNTE PROVISIONAL	IMPORTE TOTAL	75% (CLÁUSULA 6ª)
GASTO ORDINARIO	334-48205	920260005509 (22026004836)	39.000,00€	29.250,00€
GASTO INVESTIMENTOS	334-78000	920260005509 (22026004837)	7.500,00€	5.625,00€

CONTRATACIÓN

PRP2026/3046

Dáse conta da entrega por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, da obra "Pasarela de madeira peonil O Rial (Vilagarcía), reparada no marco do encargo "Mantemento e conservación da Costa de Pontevedra 2025".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3101

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de Maio de 2025, aprobou o proxecto técnico denominado "Proxecto de humanización e Peonalización da Rúa Esperanza", redactado polo arquitecto don Juan Antonio Villanueva Ruíz, cun orzamento de licitación de 416.855,51 € (IVE engadido).

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión do 8 de maio de 2026, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2026-2027 para o presente investimento, de 416.855,51€, que se corresponde co 100% do orzamento de licitación.

Por Providencia de Alcaldía de data 4 de maio de 2026, aprobouse a iniciación do expediente de contratación, denominado "Humanización e peonalización da rúa Esperanza" e que se tramitou polo procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria do expediente de contratación, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e anexos que rexen o mesmo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 18 de agosto de 2026, adxudicouse o contrato de obra denominado "Humanización e peonalización da rúa Esperanza" á mercantil con NIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,S.L, por un prezo ofertado de 375.086,59 € (IVE incluído).

En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado "Humanización e peonalización da rúa Esperanza", á mercantil Sólido Estudio de Arquitectura S.C, con NIF J94113487, por importe

de 14.800,00 € (IVE excluído), 17.908,00 € (IVE engadido) segundo a oferta que presenta e con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900 do orzamento vixente.

PRP2026/3115

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 14 de agosto de 2026, polo que se concede ao Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA (P3606000B), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 130.768,02 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DO CAMIÑO A RENZA EN SOBRÁN E TRAVESÍA NOGUEIRIDO EN BAMIO” (exp.2026025602), cuxo orzamento ascende a 131.308,86 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS ADMINISTRACIÓNS	DOUTRAS	FONDOS CONCELLO	PROPIOS
2026	131.308,86€	130.768,02€	0,00€		540,84€	

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3118

Realizadas as obras denominadas “Recuperación da fachada marítima do Ramal”, co obxectivo de incorporar un espazo público para uso peonil e axardinado, preservado do tráfico rodado e para usos de lecer dende o Parque Miguel Hernández ata a praia da Concha, contemplase un significativo incremento de espazo axardinado formado por unha gran zona verde na que se atopa unha gran cantidade de especies botánicas plantadas para a creación do novo espazo de turismo verde composto por 219 árbores, 104 arbustos, 2.527 m² de pradera, 110 m² de cuberta axardinada e vivaz 1544 unidades (fiunchos, armenios, etc).

O Concello carece de suficientes medios persoais e técnicos axeitados para o mantemento desta nova e gran zona axardinada formada por numerosas especies botánicas que están recién plantadas e que faise necesario un mantemento diario ata que arraiguen as súas raíces.

O prazo de execución será dun ano, e o coste anual da oferta se fraccionará en doce pagos que se levarán a efecto mensualmente.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizo de “MANTEMENTO ANUAL DO PARQUE DE O RAMAL” á mercantil Troquiña, S.L. (B36268217) por importe de 14.850,05 €/anual (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.118,51 €/anual, o que totaliza un importe de adxudicación anual de (IVE engadido) de 17.968,56 €/anual, con cargo aplicación orzamentaria 171-22799, de conformidade co orzamento presentado.

Faise constar que o coste anual da oferta se fraccionará en doce pagos a partir do 1 de setembro de 2026, e que se levarán a efecto mensualmente correspondendo á:

Anualidade 2026 = 1.497,38 €/mensual por 3 meses = 4.492,14 € (IVE engadido) Anualidade 2027 = 1.497,38 €/mensual por 9 meses = 13.476,42 € (IVE engadido).

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.